Public 5A

Suplemento n.º 5 de

NÓS.

BOLETÍN MENSUAL
da
CULTURA GALEGA

Direitor Literario
Vicente Risco

Direitor Artístico
Alfonso R. Castelao

Adeministrador
ANXEL CASAL

DIREICIÓN E REDAUCIÓN:
Sto. Domingo, 47—OURENSE

ADEMINISTRACIÓN:
Real, 36 1.º—A CRUÑA

SUMARIO

POESÍAS de Rosalía de Castro.

Agasallo de

NÓS, Pubricacións Galegas e Imprenta

REAL, 36, piso primeiro. A CRUÑA

VERBAS AXEITADAS

Galego, da cibdade ou da campia, da cultura ou do folklore, sedentario ou emigrante, relixioso ou indefrente: cavila un pouco sobre do que che vou decire. E non che pesará.

Non coides que son un literato orguloso que querendo impoñer a sua maneira de ollal-as cousas, a sua vaidade ou a sua chifradura, adoita un tono tribunicio e solene de orador. Non. O que eu penso, pénsano moitos, poden pensalo todos os que adiquen un pouquiño de tempo á pensaren no probréma. Soilo co-ista fé e ista confianza considero que teño dereito á che falare.

Recibiches ô nacere un esprito de raza que por riba do teu caracter individual faite membro d'unha comunidade de galegos e te difrencia dos outros grupos de homes. Poida que levado por estranas imitanzas traballes por escondere ou disimulare ise esprito galego. Si o chegaras a conquerire serías un triste traidor. Mais as leises do mundo e do esprito son piadosas e non che deixarían, por moi intelixente que fora o teu esforzo, chegare á sélo, e co esprito galego meio disimulado somentes serás ridículo ôs ollos dos teus e ôs ollos dos alleos. Pra vivires nobre e ledamente os días que che están siñalados, deixate guiare confiado pol-o esprito que alenta en tí.

Co ise esprito recibiches unha língua que tampouco poderias disimulare, pois ainda falando outra língua o acento e a maneira de formal-as frases, irían procamando que naciches pra que o galego fora á tua língua. É útil, é fermoso falare tamén outras, mais con amor e con lediza a primeira debe sel-a tua, a única na que podes decire os teus pensamentos mais preciosos.

Naciches n'unha terra que todos din ser moi fermosa e gasalleira. Ainda que o non fose, pra ti ten que sere a primeira terra do mundo. As suas paisaxes están na tua ialma e a tua ialma nas paisaxes da terra. Si quixeras botála de ti sofrirías a pena capital, equivalente â morte, de seres un desterrado. Traballa por ela, pol-o seu milloramento pra que co teu esforzo chegue co tempo á sere a primeira do mundo a tua terra. Non te limites a adourala como un parviño; cando atopes cousas malas traballa por desinzalas; o teu esforzo será bon sempre que sexa guiado pol-o teu esprito de fillo agradescido e cubizoso.

Hai no mundo, na Galiza e fora d'ela, uns millóns d'homes que teñen o mesmo esprito, língua e terra que ti. Son os teus irmans. Uns intelixentes; outros pouco intelixentes, moitos bós, bastantes ruíns. Por lei natural do teu corazón pra conquerire conten o interior e acadares a tua obriga xenerosa d'irmán, trata de imitares os intelixentes, non despreces os pouco intelixentes, xúntate cos bós mais inda será millor que procures qu'os ruíns deixen de sélo, sin perder a espranza de conquerilo didiante de ningunha dificultade e sin pôres no teu vivire de relación cos teus irmans ningunha vaidade sinon pensando na redención da Galiza realizada en todol-os seus fillos.

Como vés istas verbas son sentenzas que se ll'ocurren ó home de menos estudo, e de menos pensamento. Si te fixas un pouco atoparás que no teu corazón están escritas. Mais no trafego da vida âs veces son esquencidas e por iso, como un irmán, eu chas recordo seguro de que practicandoas a rego ficarás satisfeito e contento porque do fondo do teu ser se formará unha voz que che dirá: estou contento de tí, meu fillo.

C. M.

SUPLEMENTO GRATUITO DE NÓS

1929 - FASCÍCULO V | MES DE ABRIL

POESÍAS de Rosalía Castro

Airiños, Airiños, Aires

Airiños, airiños, aires,
Airiños da miña Terra
Airiños, airiños, aires,
Airiños, leváime á ela.

Sin ela vivir non podo,
Non podo vivir contenta,
Qu'adonde queira que vaia,
Cróbeme unha sombra espesa,
Cróbeme unha espesa nube,
Tal preñada de tormentas,
Tal de soidás preñada,
Qu'a miña vida envenena.

Leváime, leváime, airiños,
Com'unha folliña seca,
Que seca tamén me puxo
A callentura que queima.
¡Ai! Si non me levás pronto,
—Airiños da miña terra—
Quizáis xa non me conezan;
Qu'a frebe que de mín come
Vaime consumindo lenta,
E no meu corazonciño
Tamén traidora se ceiba.

Fun n'outro tempo encarnada
Com'a color da cireixa,
Son oxe descolorida
Coma os cirios das igrexas;
Cal si unha meiga chuchona
O meu sangue me bebera.
Voume quedando muchiña
Com'unha rosa qu'inverna;
Voume sin forzas quedando,
Voume quedando morena
Cal unha mouriña moura,
Filla de moura ralea.

XXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXX

Conto de Guerra

Arte e literatura, por Camilo Díaz.

Leváime, Leváime airiños
Leváime a donde m'esperan
Unha nai que por min chora,
Un pai que sin min n'alenta,
Un irmán por quén daría
O sangue das miñas venas,
E un amoriño a quen alma
E vida lle prometera.
Si pronto non me levades
¡Ai! morrerei de tristeza,
Soia n'unha terra extrana,
Donde extrana m'alomean,
Donde todo canto miro,
Todo me diz: ¡estranxeira!

¡Ai miña probe casiña!
¡Ai miña vaca bermella!
Años que balás nos montes,
Pombas qu'arrulás nas eiras,
Mozos qu'atruxás bailando,
Redrobre das castañetas,
Xascorraschás das cunchiñas,
Xurre xurre das pandeiras,
Tambor do tamborileiro,

Poemas de vanguarda

De Catro a Catro

por Manuel Antonio.

Gaitiña, gaita galega,
Xa non m'alegras dicindo:
¡Muiñeira, muiñeira!

¡Ai quen fora paxariño
De leves alas lixeiras!
¡Ai con que prisa voara
Toliña de tan contenta,
Para cantar a alborada
Nos campos da miña terra!
Agora mesmo partira,
Partira com'unha frecha,
Sin medo âs sombras da noite,
Sin medo da noite negra.
E que chovera ou ventara,
E que ventara ou chovera,
Voaría e voaría
Hastra qu'alcanzase a vela.
Pro non son paxariño,
E irei morrendo de pena,
Xa en lágrimas convertida,
Xa en suspiriños desfeita.

Doces, galeguiños aires,
Quitadoiriños das penas,

O Galo

Obra póstuma de Amado Carballó

Libro-homenaxe. 3 ptas.

Encantadores das augas,
Amantes das arboredas,
Música das verdes canas,
Do millo das nosas veigas,
Alegres compañeiriños,
Run run de todal-as festas,
Leváime nas vosas alas
Com'unha folliña seca.
Non permitás qu'aqui morra,
Airiños da miña terra,
Qu'aínda penso que de morta
Ei de sospirar por ela.
Ainda penso, airiños, aires,
Que dimpois que morta sea,
E aló pol-o campo santo
Onde enterrada me teñan
Pasés na calada noite
Runxindo antre a folla seca,
Ou murmuxando medrosos
Antr'as brancas caliveras,
Inda dimpois de mortiña,
Airiños da miña terra,
Eivos de berrar: ¡Airiños,
Airiños levaim'a ela!

Tríptico Teatral

por Antón Villar Ponte.

Tres visións: o caciquismo, a emigración i-as supersticións

Castellanos de Castilla

Castellanos de Castilla
Tratade ben ôs galegos;
Cando van, van como rosas,
Cando vên, vên como negros.

Cando foi iba surrindo,
Cando veu, viña morrendo
A luciña dos meus ollos,
O amantiño do meu peito.

Aquel, mais que neve branco,
Aquel, de dozuras cheio,
Aquel por quen eu vivía
E sín quen vivir non quero.

Foi a Castilla por pan
E xaramagos lle deron;
Déronlle fel por bebida,
Peniñas por alimento.

Déronlle, en fin, canto amargo
Ten a vida no seu seo...

Xa apareceu

CANTIGAS E VERBAS AO AR

Poesías por Xulio Sigüenza

¡Castellanos, castellanos,
Tendes corazón de ferro!

¡Ai! No meu corazonciño
Xa non pode haber contento;
Que está de dolor ferido,
Que está de loito coberto.

Morreu aquel qu'eu quería
E para min n'hai consuelo.
Solo hai para min, Castilla,
A mala lei que che teño.

Premita Dios, castellanos,
Castellanos que aborrezo,
Que antes os galegos morran
Que ir a pidirvos sustento.

Pois tan mal corazón tendes—
Secos fillos do deserto—
Que si amargo pan vos ganan
Dádesllo envolto en veneno.

Aló van, malpocadiños,
Todos d'esperanzas cheios,

SEGUNDO LIBRO DE
COUSAS
POR CASTELAO 3 PESETAS.

E volven ¡ai! sin ventura,
Con un caudal de desprezos.

Van probes e tornan probes,
Van sans e tornan enfermos,
Qu'anque eles son como rosas
Tratádelos como negros.

¡Castellanos de Castilla
Tendes corazón d'aceiro,
Alma como as penas dura
E sin entranas o peito!

En trós de palla sentados,
Sin fundamento, soberbos,
Pensás qu'os nosos filliños
Pra servirvos naceron.

E nunca tan torpe idea,
Tan criminal pensamento
Coupo en mais fátuas cabezas
Ni-en mais fátuos sentimentos.

Que Castilla e castellanos
Todos n-un montón á eito,

Axiña aparecerá

Enxangadas

por Victoriano Taibo.

Non valen o que unha erbiña
D'estes nosos campos frescos.

Solo pezoñosas charcas
Detidas no ardente suelo
Tés, Castilla, que humedezan
Eses teus labios sedentos.

Que o mar deixoute olvidada,
E lonxe de tí correron
As brandas augas que traen
De prantas cen semilleiros.

Nin arbres que che den sombra,
Nin sombra que preste alento...
Llanura e sempre llanura,
Deserto e sempre deserto...

Esto che tocou, coitada,
Por herencia no universo;
¡Miserable fanfarrona!...
Triste herencia foi por certo.

En verdá non hai, Castilla,
Nada como tí, tan feio,

ESTEBO

por Xosé Lesta Meis.

A novela que refrexa a nosa vida aldeán

A hixiene nos nenos

é a garantía da sua saúde física e moral no día de mañá

No diario aseo dos seus nenos emplee o

Jabón Sales de la Toja

ùnico que âs suas altas calidades meiciñás xunta toda a finura e prefume d'un xabón de tocador. Contribuie ô perfeito desenrolo das criaturas e evita o perigo da escrófula e o raquitismo.

1 pta.
Pastilla

JABÓN

La Toja

Unico en el mundo

O "Xabón da Toxa" ademais de ser o mellor é un producto galego que nos honra no mundo enteiro

Qu'ainda mellor que Castilla
Valera decir inferno.

¿Por que aló foches, meu ben?
¡Nunca tal houberas feito!
¡Trocar campiños frolidos
Por tristes campos sin rego!

¡Trocar tan craras fontiñas,
Ríos tan murmuradeiros
Por seco polvo, que nunca
Mollan as bágoas do ceo!

Mais ¡ai! De onde min te foches
Sin dôr do meu sentimento.
Y aló a vida che quitaron
Aló a morte che deron.

Morreches, meu queridiño,
E para min n'hai consuelo,
Que ond'antes te vía, agora
Xa solo unha tomba vexo.

Triste com'a mesma noite,
Farto de dolor o peito,

Adequira

Vaosilveiro

novela por Gonzalo López Abente.

Pídolle a Dios que me mate,
Por que xa vivir non quero.

Mais en tanto non me mata,
Castellanos que aborrezo,
Ei, para vergonza vosa,
Eivos de cantar xemendo:

Castellanos de Castilla,
Tratade ben ôs galegos;
Cando van, van como rosas,
Cando vên, vên como negros.

A gaita galega

Hoy, si la gaita gallega
El pobre gaitero toca,
No acierto a deciros
Si canta o si llora.

I

Cando este cantar, poeta,
Na lira xemendo entonas,
Non sei o que por mín pasa
Que as lagrimiñas m'afogan,
Que ante de mín cruzar vexo
A virxen mártir que invocas,

Lea vostede

O porco de pé

por Vicente Risco.

Cos pés crabados d'espiñas
Cas maus cubertas de rosas.
En vano a gaita tocando
Unha alborada de groria
Sons pol-os aires espalla
Que can nas trembantes ondas
En vano baila contenta
Nas eiras a turba louca,
Que aqueles sons tal m'afrixen,
Cousas tan tristes me contan,
Qu'eu podo decirche:
Non canta, que chora.

II

Vexo contigo estes ceos,
Vexo estas brancas auroras,
Vexo estes campos froridos
Donde s'arrulan as pombas,
I estas montañas xigantes
Que aló cas nubes se tocan
Cubertas de verdes pinos
E de froliñas cheirosas.
Vexo esta terra bendita
Don o ben de Dios rebosa
E donde anxiños hermosos
Tecen brilantes coroas.
Mais ¡ai! Como tamén vexo
Pasar macilentas sombras
Grilos de ferro arrastrando

A millor historia do século pasado

Os Camiños da Vida

por Otero Pedrayo.

Antre sorrisas de mofa,
Anque mimosa gaitiña
Toque alborada de groria,
Eu podo decirche:
Non canta, que chora.

III

Falas, i o meu pensamento
Mira pasar temerosas
As sombras d'eses cen portos
Qu'ô pé das ondiñas moran.
E pouco a pouco marchando
Fráxiles, tristes e soias,
Bagar as naves sobervas
Aló n-unha mar traidora.
I ¡ai! como n-elas navegan
Os fillos das nosas costas
Con rumbo â América infanda,
Que a morte co pan lles dona,
Desnudos pedindo en vano
Aa patria misericordia,
Anque contento a gaitiña
O probe gaiteiro toca,
Eu podo decirche:
Non canta, que chora.

IV

¡Probe Galicia! Non debes
Chamarte nunca española,

Que España de tí s'olvida
Cando eres ¡ai! tan hermosa.
Cal si na infamia naceras,
Torpe, de ti s'avergonza;
I a nai qu'un fillo despreza,
Nai sin corazón se noma,
Naide por que te levantes
Ch'alarga a man bondadosa;
Naide os teus prantos enxuga,
I humilde choras e choras.
Galicia, ti non tes patria,
Tí vives no mundo soia,
I a prole fecunda tua
S'espalla en errantes hordas,
Mentras triste e solitaria,
Tendida na verde alfombra
Ô mar esperanzas pides,
De Dios a esperanza imploras.
Por eso, anque en son de festa
Alegre a gaitiña s'oia,
Eu podo decirche:
Non canta, que chora.

V

«Espera, Galicia, espera.»
¡Canto este grito consola!
Páguecho Dios, bon poeta,
Mais e unha esperanza louca.
Que antes de que os tempos cheguen

Todos poden conocer o noso pasado, mercando
Historia Sintética de Galicia
por R. Villar Ponte.

De dicha tan venturosa,
Antes que Galicia suba
Ca cruz que o seu lombo agobia
Aquel dificil camiño
Qu'ô pé dos abismos toca,
Quizais cansada e sedenta
Quizais que d'angustia morra.
Págueche Dios, bon poeta,
Esa esperanza de groria
Que do teu peito surxindo
A virxen mártir coroa,
I esta recompensa sea
D'amargas penas tan fondas.
Páguech'este cantar triste
Que as nosas tristezas conta,
Que soio tí... ¡Tí entre tantos!
Das nosas mágoas s'acorda.
¡Dina voluntá d'un xenio,
Alma pura e xenerosa!
E cando a gaita galega
Aló nas Castillas oias,
Ô teu corazón pregunta,
Verás que che dí en resposta
Que a gaita galega
Non canta, que chora.

O mais típico da nosa terra refrexado
artísticamente por Xaime Prada.
Grabados en Linoleum

BANCO PASTOR

(Casa Fundada en 1776)

Capital suscrito . . . Ptas. 17.000.000
Id. desembolsado . » 11.000.000
Fondo de reserva . . » 3.500.000

Casa Central: A CRUÑA

Sucursales en:

BARCO DE VALDEORRAS, CARBALLIÑO, CARBALLO, O FERROL, A ESTRADA, LUGO, MELIDE, MONDOÑEDO, MONFORTE, MUXÍA, NOIA, OURENSE, ORTIGUEIRA, PADRÓN, PÓBOA DO CARAMIÑAL, PONTEDEUME, RIVADABIA, RIBADEO, SARRIA, TUY, VERIN, VIGO, VILLALBA e VIVEIRO

Intereses que se abonan en cuenta corriente de pesetas:

Disponible a la vista . . . . . 2 1/2% anual
» a tres meses . . . . . 3 % »
» a seis meses . . . . . 3 1/2% »
» a doce meses . . . . . 4 % »

Telegramas: PASTOR

ÓPTICA-PARDO

Procedimentos científicos

Santiago. :-: A Cruña.

Sombreireiría

Lemus

A mais económica de Galicia

S. Andrés 74 A Cruña.

Merceiría OTERO

Artellos de labores: Novedás para dona e cabaleiro

Apresto de froles: Lâs, medias, calcetis, cravatas, cuellos e camisas

Real 58 A Cruña.

Calzados SENRA

GRAN FÁBRICA

A CRUÑA

FERROL VIGO

Imprenta

"NÓS"

Executánse toda crás de traballos tipográficos.

Real, 36-1.º A Cruña.

NÓS - Pubricacións Galegas e Imprenta

Real, 36-1.º A CRUÑA

OBRAS EN VENDA

O Galo, por Amado Carballo.—Margarida a da sorrisa d'Aurora, por Correa Calderón.—De Min pra Vós, por Ricardo Carballal.—Conto de Guerra, por Camilo Díaz Baliño.—A Fiestra Valdeira, por Rafael Dieste.—Estebo, por Xosé Lesta Meis.—Vaosilveiro; Nemahcos; María Rosa, por Gonzalo L. Abente.—De Catro a Catro, por Manuel Antonio.—Como falan os Brañegos, por Noriega Varela.—Os señores da Terra; A Maoraza; O Estudante; A Lagarada, por Otero Pedrayo.—Grabados en Linoleum, por Xaime Prada.—A tola de Sobrán, por Porto Rey.—O Bufón d'El Rei; O porco de pé; Metodología de la Historia, por Vicente Risco.—Cantigas e verbas ao âr, por Xulio Sigüenza. — Triptico Teatral, por Villar Ponte (A.)—Historia Sintética de Galicia; Doctrina Nazonalista, por Villar Ponte (R.)—A volta do Bergantiñán, por Xesús San Luis Romero.—Segundo libro de Cousas, por Castelao.—O Mariscal, por Villar Ponte e Cabanillas.—Enxangadas, por Victoriano Taibo.—Arquivos do Seminario de Estudos Galegos.

Ademítense suscripcións âs revistas

NÓS e A NOSA TERRA